CIFP Compostela
Lamas de Abade s/n
CP 15702 - Santiago de Compostela
881866570 FAX 881866586
cifp.compostela @edu.xunta.es
www.cifpcompostela.edu.es

Programación adaptada ao 3º trimestre do curso 2019-2020

CICLO FORMATIVO FP.Bás: Lavandería e Aloxamento

Módulo: Posta a Punto de Habitacións e Zonas Comúns en Aloxamento

Índice

1. Identificación da programación 2

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles 2

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas 4

3.1 Actividades de recuperación 4

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD) 4

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado 5

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo 5

1. Identificación da programación

Centro educativo						
Código	**Centro**			**Concello**		**Ano académico**
15016000	Compostela			Santiago de Compostela		2019/2020
Ciclo formativo						
Código da familia profesional	**Familia profesional**	**Código do ciclo formativo**	**Ciclo formativo**		**Grao**	**Réxime**
HOT	Hostalaría e turismo	CBHOT02	Lavandería e Aloxamento		Ciclos formativos de Grao Básico	Réxime xeral-ordinario
Código MP/UF	**Nome**		**Curso**	**Sesións semanais**	**Horas anuais**	**Sesións anuais**
MP3130 MP3130_12 MP3130_22	Posta a Punto de Habitacións e Zonas Comúns en Aloxamento		2019/2020	6	104	1104
Profesorado asignado ao módulo	Julio Fernández Guerra					

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo - Materiais e Produtos Téxtiles - evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe vistos ate o 13 de marzo de 2020, dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Asemade o alumno/a deberá participar regularmente nas actividades programadas.

Os mínimos para este módulo, deberán acadar os logros anunciados nos criterios de avaliación mínimos para cada unidade didáctica desenvolvida ao longo do curso académico ate o 13 de marzo de 2020, empregando os instrumentos de avaliación descritos na presente programación:

RA 1- Clasifica as fórmulas máis habituais de establecementos de aloxamento, identificando a estrutura e as funcións do departamento de pisos

CA1.6 - Definíronse os límites de responsabilidade, funcións e tarefas de cada compoñente dos equipos de traballo da área de pisos

CA3.4 - Realizáronse as tareas de limpeza tendo en conta a temperatura ambiental e a humidade da zona

CA3.11 - Realizouse a limpeza e a posta a punto de habitacións seguindo os procesos e os métodos prefixados, e indicáronse os puntos clave e de calidade que cumpra ter en conta

RA2 - Aplica as técnicas de aprovisionamento, control e inventario de existencias da área de pisos en relación coas necesidades do servizo

CA1.2 - Describíronse organigramas básicos típicos nos establecementos de aloxamento e as relacións xerárquicas e de dependencia nestes

CA1.5 - Identificáronse as relacións que establece o departamento de pisos con outros departamentos dentro dun establecemento de aloxamento

CA1.6 - Definíronse os límites de responsabilidade, funcións e tarefas de cada compoñente dos equipos de traballo da área de pisos

CA2.7 - Realizouse o mantemento e a reposición do almacén, cumprindo coas existencias prefixadas e controlando a caducidade dos productos

CA3.4 - Realizáronse as tareas de limpeza tendo en conta a temperatura ambiental e a humidade da zona

CA3.10 - Limpáronse e montáronse o carro de limpeza e carro de camareiro/a, e efectuouse o control de lenzaría, produtos de limpeza, elementos de uso e produtos complementarios
CA3.12 - Realizouse a limpeza, a desinfección e a posta a punto do cuarto de baño nunha habitación de saída e nunha habitación ocupada
CA3.16 - Preparáronse habitacións para supostos desbloqueos logo de finalizados os traballos que motivaron o bloqueo

RA3 - Aplica técnicas de limpeza e posta a punto de habitacións, cos utensilios axeitados, interpretando información oral e escrita, e cobre a documentación requirida

CA1.2 - Describíronse organigramas básicos típicos nos establecementos de aloxamento e as relacións xerárquicas e de dependencia nestes

CA2.2 - Explicáronse os criterios de clasificación e localización de existencias máis utilizadas

CA2.3 - Describíronse e caracterizáronse os tipos de inventarios máis utilizados e relacionáronse coa finalidade de cada un

CA2.7 - Realizouse o mantemento e a reposición do almacén, cumprindo coas existencias prefixadas e controlando a caducidade dos produtos

CA3.10 - Limpáronse e montáronse o carro de limpeza e carro de camareiro/a, e efectuouse o control de lenzaría, produtos de limpeza, elementos de uso e produtos complementarios

RA4 - Utiliza os equipamentos, as máquinas e os utensilios que conforman a dotación básica da área de pisos, tendo en conta a relación entre a súa adecuación á tarefa e o seu rendemento óptimo

CA1.1 - Caracterizáronse as fórmulas de aloxamento en función do tipo, a capacidade, a categoría e a situación do establecemento, e dos servizos prestados

CA3.3 - Respectáronse e empregáronse correctamente as doses recomendadas polos fabricantes de produtos de limpeza

CA3.7 - Recoñeceuse a lenzaría e os produtos de acollemento e de benvida (amenities) de uso habitual en establecementos de aloxamento

CA3.9 - Seleccionáronse os produtos, a maquinaria e os utensilios necesarios para cada tipo de limpeza, así como a técnica que se vaia seguir

CA3.10 - Limpáronse e montáronse o carro de limpeza e carro de camareiro/a, e efectuouse o control de lenzaría, produtos de limpeza, elementos de uso e produtos complementarios

RA5 - Aplica técnicas de limpeza e mantemento da moblaxe de habitacións e cuartos de baño, e dos elementos decorativos, utilizando os produtos e os utensilios axeitados

CA1.3 - Diferenciáronse as zonas que compoñen a área de pisos e indicáronse as funcións do departamento e as súas Características
CA3.16 - Preparáronse habitacións para supostos desbloqueos logo de finalizados os traballos que motivaron o bloqueo

CA3.18 - Realizáronse as reposicións e os controis de minibares

CA4.3 - Efectuouse a limpeza de máquinas, ferramentas e utensilios

CA5.3 - Aplicáronse técnicas de limpeza, mantemento e conservación de elementos decorativos e moblaxe, seleccionando os materiais e os produtos utilizables e a técnica máis axeitada en cada caso

A U.D Nº-8 NON FOI IMPARTIDA

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os
criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo. test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Suporán un 20% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo serviránnos para avaliar procedementos; Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e
destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 40% da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualifiacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, a uniformidade e coidado da imaxe pesoal, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo.

Dado o carácter fundamentalmente práctico do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as
que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. A asistencia á clase suporá un 40% da cualificación final do módulo.

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Para a recuperación das partes non superadas polo alumnado, revisada a presente programación e comprobados os RA e CA non superados polo alumnado, e unha vez emitidos os resultados da segunda avaliación ordinaria do presente curso académico 2019-2020, fíxanse as actividades de recuperación e probas correspondentes para cada alumno/a da 3ª avaliación.

3.1 Actividades de recuperación

As actividades de recuperación do alumnado pendente dunha avaliación positiva na 2ª avaliación, realizaranse con apoio da Aula Virtual do CIFP Compostela, tal e como se ven realizando ao longo do presente curso 2019-2020 con este grupo de alumnado e módulo e consistirán en:

- **Proba Específica** Resolución dunha proba tipo TEST, de preguntas con respostas alternativas, das cales seleccionará a correcta. Esta proba realizarase "on line" através da aula virtual do CIFP Compostela.

  Esta proba tamén serán elaborada polo alumnado co módulo superado na 2ª avaliación, que non restará cualificación xa obtida, pero si poderá mellorar a cualificación obtida na 3ª avaliación ordinaria.

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

- **Proba Específica**

  Os contidos teóricos serán avaliados a través dunha proba escrita, na que habrá que resolver diferentes supostos relacionados cos R.A. (Resultados de Aprendizaxe) do modulo do que se trata, e desenvolvidos durante o 1º e 2º trimestre do presente curso académico. Esta proba constará de preguntas curtas e tamén de tipo test (con respostas alternativas, das cales só unha será correcta) . Será obrigatorio superar positivamente o 60% das preguntas formuladas, para acadar unha puntuación de 5 puntos.

  Esta proba poderá ser realizarada "on line" através da aula virtual do CIFP Compostela, relacionada cos Resultados de Aprendizaxe e Criterios correspondentes de Avaliación mínimos para acadar a avalación posit

Recordar que o alumnado que perda o dereito a avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa Posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulos correspondente. Resolución do 30 de xullo de 2013.

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado

Como medidas de reforzo e repaso mantense durante o trimestre un FORO aberto a través da Aula Virtual do CIFP Compostela con aclaracións e resolución de dúbidas no desenvolvemento das actividades xa descritas na Proba Específica .

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28 Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complemenatará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.Será necesario incluir un cuestionario a criterio do profesor/a titular do módulo, ANEXO nºI a esta programación.

Detectáronse necesidades especiais de atención ao alumnado matriculado neste módulo, polo que se acordou que as probas conceptuais se fixeran preferentemente tipo TEST de xeito semanal debido a pouca capacidade de retención e estudo que mostran en xeral.. Tamén se tivo en conta o tempo de exección do cuestionario, asinándolle o suficiente sen límite. Este tipo de proba e medida, será a Proba Específica , prevista para a 3ª avaliación.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2020

Asdo.: Julio Fernández Guerra